



XUNTA
DE GALICIA



galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA METODOLOXÍA PARA O ESTUDO DO IMPACTO DO CAMIÑO DE SANTIAGO A ESCALA LOCAL

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a M^a Nava Castro Domínguez**, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, **D. Juan M. Viaño Rey**, en representación da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), con domicilio en Pazo de San Xerome – Praza do Obradoiro s/n, 15782 – Santiago de Compostela, en calidade de Reitor, en virtude do Decreto 62/2014 do 28 de maio da Xunta de Galicia (DOG do 04/06/2014).

As partes que interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas para conveniar en nome das entidades que representan.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos os labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional, directamente ou a través de convenios e concertos con institucións públicas e privadas.

É con este fin que se atribúe funcións de dirixir e coordinar as actuacións relativas á análise, estudo, coñecemento e estatísticas no eido turístico, así como o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo.



XUNTA
DE GALICIA



galicia

En particular, a Axencia Turismo de Galicia ten interese en dar resposta a una falta de información persistente relativa ao impacto do Camiño de Santiago en Galicia, tanto no eido económico como no demográfico, social e ambiental. Preténdese deste xeito fornecer de información aos axentes dos sector para facilitar as tomas de decisións baseadas en datos que permitan a mellor ordenación e dinamización de Galicia no tocante a este eixo vertebrador que é o Camiño.

A Axencia Turismo de Galicia, a través da Área de Estudos e Investigación da Dirección de Competitividade, conta con técnicos expertos en investigación sobre o turismo.

SEGUNDO.- A USC é unha entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de Formación, Investigación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico. A USC conta con expertos investigadores de contrastada solvencia que conxugan unha ampla traxectoria tanto na análise de impactos socioeconómicos como nas temáticas turísticas. Concretamente, o grupo de investigación GAME_IDEGA ten desenvolvido nos últimos anos modelos de avaliación dos efectos agregados do turismo sobre a produción e a distribución da renda en Galicia utilizando diferentes metodoloxías de análise baseadas no desenvolvemento de modelos input-output deseñados especificamente para cada unha das cuestións analizadas.

O GAME-IDEGA é un grupo de investigación especializado na análise do impacto socioeconómico da actividade turística para o que diseña e desenvolve ferramentas metodolóxicas adaptadas as especificidades de cada proxecto turístico concreto que se pretenda avaliar. O GAME-IDEGA, desenvolve dende fai anos modelos de avaliación do impacto do turismo a diferentes escalas territoriais a partir do uso de modelos multisectorias de equilibrio xeral que difiren no grado de complexidade. A produción de investigación inclúe múltiples artigos en revistas internacionais de primeira liña sobre turismo e metodoloxía de análise de impacto económico e social (*Tourism Economics*, *Tourism Management*, *International Journal of Tourism Research*, *Revista Portuguesa de Estudos Regionais*, *Revista de Economía Laboral*, entre outras) recollidos no Anexo III.

TERCEIRO.- A colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a USC responde ao interese común de ambas as dúas partes de afondar no coñecemento do impacto do turismo a escala local, especialmente do relacionado co desenvolvemento do Camiño de Santiago en Galicia. Para acadar este obxectivo é necesario desenvolver novas ferramentas de investigación e análise que permitan a avaliación dos resultados económicos, sociais,



XUNTA
DE GALICIA



galicia

demográficos e ambientais da actividade turística dende unha perspectiva local. Adicionalmente a análise local require recadar información, ata hora non dispoñible e que supón un importante esforzo tanto no seu deseño como no custe económico que supón a súa recollida e preparación para a posterior utilización nos modelos de avaliación.

Ambas entidades consideran axeitado subscribir este convenio, para dar resposta ás necesidades descritas aproveitando as sinerxías que sen dúbida xurdirán da cooperación dos seus equipos humanos.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a USC para o desenvolvemento dunha metodoloxía para o estudo dos impactos do Camiño de Santiago en Galicia e a elaboración dun informe final que materialice os traballos realizados.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO.

O orzamento estimado para o desenvolvemento completo deste estudo ascende a 50.000,00€ desagregados de xeito estimativo segundo se indica no Anexo II. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións cubrirá os gastos vinculados coa investigación ata un máximo de cincuenta mil euros (50.000,00€), facéndose cargo, no seu caso, a USC do resto do orzamento se este finalmente fose superior, e sen que obteña beneficio ou lucro industrial algún.

A achega da Axencia Turismo de Galicia farase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0, dos seus orzamentos para 2017.

TERCEIRA.- COMPROMISO DAS PARTES.



XUNTA
DE GALICIA



galicia

1. A USC realizará todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Promocionar a “Marca Turística de Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turismo.gal/marca01 os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- Gardar as medidas de seguridade que se derivan da Lei de Estatística de Galicia e da Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal. Así mesmo, para a custodia da información que obre no seu poder, deberá aplicar as medidas de nivel básico do regulamento aprobado por Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, que desenvolve a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, a tódolos datos de persoas físicas e xurídicas, e de nivel medio ou alto para os datos persoais que os precisen. Á finalización do convenio devolverá Axencia Turismo de Galicia ou destruirá toda a información que lle foi proporcionada.



XUNTA
DE GALICIA



galicia

2. Pola súa parte, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a:

- Pagar o importe establecido na cláusula segunda.
- Colaborar ca USC nas tarefas de investigación e divulgación dos resultados obxecto deste convenio.

CUARTA.- PERSOAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outra natureza entre os profesionais que desenvolvan as actividades obxecto deste convenio e a Axencia Turismo de Galicia.

QUINTA.- RESULTADOS CONXUNTOS.

Todos os resultados obtidos como consecuencia da colaboración obxecto deste convenio serán propiedade conxunta, a partes iguais, da Axencia Turismo de Galicia e da USC na medida que os resultados sexan susceptibles de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, e seralles de aplicación o disposto no art. 7 do Texto Refundido da Propiedade Intelectual, relativo á obra en colaboración.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas as dúas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.- A achega da Axencia Turismo de Galicia será librada previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, para o que se deberá presentar con data límite do 15 de outubro de 2017:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento das actuacións obxecto do convenio, xunto co informe final establecido na cláusula primeira.

Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:



XUNTA
DE GALICIA



galicia

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- b) Certificación de gastos polo órgano competente que conteña unha relación clasificada dos gastos realizados.
- c) No suposto de gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos realizados e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na primeira alínea a).
- d) Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A USC quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a USC como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se **teñan efectuado desde a data de sinatura deste convenio.**

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.



XUNTA
DE GALICIA



galicia

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola USC, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constitúese unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio. A comisión está composta por dous membros de cada unha das partes correspondendo a presidencia á Axencia Turismo de Galicia que terá voto de calidade. A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Os membros que compoñen a comisión de seguimento son:

- José Luis Maestro Castiñeiras, xefe de Competitivade (presidente da comisión), ou persoa en quen delegue
- Jaime Leirós Alonso de Velasco, xefe da Área de Estudos e Investigación, ou persoa en quen delegue
- Isabel Rodríguez-Moldes Rey, vicerreitora de Investigación e Innovación ou persoa en quen delegue.
- Melchor Fernández Fernández, profesor titular da USC, ou persoa en quen delegue

OITAVA.- RESOLUCIÓN E MODIFICACIÓNS DO CONVENIO.

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.



XUNTA
DE GALICIA



galicia

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE.

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

O convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo o Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO.

No referente á publicidade estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.



XUNTA
DE GALICIA



galicia

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO.

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 15 de outubro de 2017.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

A directora de Turismo de Galicia

Mª Nava Castro Domínguez

O reitor da USC

Juan M. Viaño Rey



XUNTA
DE GALICIA



galicia

ANEXO I.

PLAN DE TRABAJO E OBXECTIVOS CONCRETOS

ACTIVIDADE 1. ESTUDIO DAS DIFERENTES ALTERNATIVAS PARA O DISEÑO DUN MODELO DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE TURISTICA A ESCALA LOCAL.

- Fundamentación Teórica: Tipos de impacto e métodos de avaliación (económico, social e medioambiental).
- Xustificación da necesidade dun modelo específico deseñado para a avaliación a escala local do Impacto socioeconómico do turismo.
- Características do modelo de avaliación: tipo de impacto, ámbito territorial, referencia temporal, variables a considerar.
- Avaliación social: percepción da actividade turística a escala local. Grupos de debate

ACTIVIDADE 2. PROPOSTA DUN MODELO DE AVALIACIÓN A ESCALA LOCAL DA ACTIVIDADE TURISTICA EN GALICIA (EVALOC-TURGAL).

- Determinación da unidade territorial de análise
- Caracterización da actividade turística no territorio (oferta-demanda)
- Caracterización socioeconómica do territorio a analizar (local).
- Indicadores básicos do modelo de avaliación (económicos, demográficos, sociais e medioambientais)
- Determinación do veciño máis próximo.
- Análise das diferenzas na evolución nos indicadores básicos aplicando modelos econométricos de dobre diferenza.

ACTIVIDADE 3. APLICACIÓN DO MODELO DE EVALUACION DE IMPACTO SOCIOECONOMICO PROPOSTO OS CONCELLOS DO CAMIÑO FRANCES

- Recolección de información de Campo
- Análise e sistematización de resultados
- Visualización dos resultados nun entorno web

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: APROXIMACIÓN A POPULARIDADE e NOTORIEDADE DO CAMIÑO DE SANTIAGO

- EFECTOS SOBRE A PROMOCIÓN DE GALICIA
- EFECTOS ECONOMICOS AGREGADOS (Deseño dun modelo de impacto agregado tipo input-output).



XUNTA
DE GALICIA



galicia

ANEXO II: ORZAMENTO

		ORZAMENTO PREVISTO
ACTIVIDADE 1. FUNDAMENTACIÓN TEORICA	PERSOAL (pagos complementarios+contratación)	3.000
	MATERIAL FUNXIBLE	2.000
	DESPRAZAMENTOS E OUTROS GASTOS	1.000
ACTIVIDADE 2. DESENVOLVEMENTO DO MODELO DE AVALIACIÓN	PERSOAL (pagos complementarios+contratación)	4.000
	MATERIAL FUNXIBLE	2.000
	DESPRAZAMENTOS E OUTROS GASTOS	1.000
ACTIVIDADE 3 APLICACIÓN DO MODELO O CAMIÑO FRANCES	PERSOAL (Contratación persoal técnico)	14.000
	MATERIAL FUNXIBLE	4.000
	SUCONTRATACIÓNS	6.000
	DESPRAZAMENTOS	3.000
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	PERSOAL	5.000
	SUBCONTRATACIÓNS	5.000
TOTAL		50.000



XUNTA
DE GALICIA



galicia

ANEXO III

Referencias bibliográficas:

Pereira López, X., M. Fernández y A. Carrascal (2016), "The economic impact of international students in a Regional Economy from a tourism perspective", Tourism Economics, Volume 22 (1), Páxinas, inicial: 125 final: 140, ISSN: 2044-0375.

Carrascal Incera, A.y M. Fernández (2015) "Tourism and income distribution: evidence from a developed regional economy", Tourism Management, Volume: 48 Páxinas, inicial: 11 final: 20, ISSN: 0261-5177.

Carrascal-Incera, A., M. Fernández y X. Pereira López (2015), "Spillover effects of tourism consumption between Galicia and the rest of Spain", International Journal of Tourism Research, Volume: 17 Issue: 2 Páxinas, inicial: 185 final: 195, ISSN: 1522-1970.

Pereira López, X. y M. Fernández (2015), ¿Como transformar los modelos input-output para calcular multiplicadores netos?. Rect@: Revista Electrónica de Comunicaciones y Trabajos de ASEPUMA, ISSN-e 1575-605X, Vol. 16, Nº. 2, págs. 69-89.

Pereira López, X., M. Fernández y A. Carrascal (2014), "Rectangular input-output models by moore-penrose inverse", Revista Electrónica de Comunicaciones y Trabajos de ASEPUMA. Rect@, Volume: 15 (1) Páxinas, inicial: 13 final: 24, ISSN: 1575-605X.

Pérez Dacal, D; Y. Pena Boquete y M. Fernández (2014), "A measuring tourism especialization: a composite indicator for the spanish regions", Alma tourism, Culture and Territorial Development, Volume: 9 Páxinas, inicial: 35 final: 73, ISSN: 2036-5195.

Carrascal Incera, A. • F Corbelle Cacabelos; • M. Fernández • M.C. Vilariño López (2014) "Plan E como estímulo fiscal: Evaluación de su efectividad en la creación y mantenimiento de empleo a escala provincial", Revista de Economía Laboral.



XUNTA
DE GALICIA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



galicia

Pereira López, X., M. Fernández y A. Carrascal (2013) "Advances in updating input-output tables: Its relevance for the analysis of regional economies" Revista Portuguesa de Estudos Regionais.

Pereira López, X., J.I. Quiñoa y M. Fernández (2013) "Analysis of the stability in an economy with sectoral imbalances", Revista de Metodos Cuantitativos para la Economia y la Empresa.

Carrascal-Incera, A., M. Fernández (2013) "Waste generation from inbound tourism in Galicia, Revista Galega de Economia.